


A CASA DE HENO



Somos natureza. Está dentro e fóra: a natureza configura o noso pensamento e, ó mesmo tempo, é a materia que transformamos para proxectarnos no mundo. A Casa de Heno é un conxunto de espazos-instalacións estruturados sobre a idea da vivenda que anima á reflexión sobre a relación interior / exterior do home co seu medio.

O percorrido comeza no recibidor con Obxectos (1999-2002), unha serie de probas de fotografías de obxectos atopados na periferia de Londres, que anima a reflexionar sobre a orixe, a manipulación e o percorrido vital da materia transformada polo home.

A seguinte estancia, Art-ificio (2003-2008), é o espazo da transformación, o laboratorio no que a natureza se transmuta en obxecto.

Espazos sostidos (2008) é o espazo onde o traballo e o mundo íntimo se atopan; un taller de costura no que se proxectan as ilusións coas que tecemos o noso mundo por medio de nubes que encerrán atmosferas íntimas.

As tres cuartos están comunicados por un corredor- Neuromapping (2003-2006), no que 34 acuarelas nos transmiten a percepción de vacuidade, desapego e fraxilidade da persoa no medio.

O percorrido remata nunha pequena sala na que se proxectan imaxes que inciden na dualidade da natureza e do artificio.

No 1991, Heno inicia o seu percorrido co estudo da botánica, recollendo materia viva e observando a súa degradación. En 1998 emprende unha nova vía de experimentación co uso de obxectos reinventados e artesanais. En 1999 inicia en Londres o proxecto The Urban man and the garden Experience (O home urbano e a experiencia do xardín), un primeiro achegamento ó tema da relación dos habitantes da cidade coa natureza; a partir de entón, a contraposición entre a natureza e o artificio, entre o mundo exterior e íntimo, será o tema recorrente nos traballos de Heno.



Da serie (Tempo Perdido)
Fotografía sobre papel de algodón
70 x 50 cm

A CASA DE HENO



DEPUTACIÓN DE LUGO
VICEPRESIDENCIA PRIMERA

Cultura



75 ANIVERSARIO
MUSEO PROVINCIAL
DE LUGO
CONSEJO
de FUTURO